



O teléfono non deixa de soar. Laura Amor, 15 chamadas perdidas. Eloi vai no asento de atrás sen sospeitar o que estaba a piques de ocorrer. Pedro, o seu pai, conduce coa mirada perdida, estraña.

Eloi sabía que ao seu pai lle pasaba algo, pero aínda non sabía que.....pronto o descubriría. Laura Amor volveu enviar unha mensaxe e o seu pai, intentando que o seu fillo non o vise , díxolle que era unha amiga súa.

Eloi leu a mensaxe que poñía : "Perdóame, non me fagas isto". Entón Eloi pedíulle unha explicación ao seu pai, Pedro.

O pai díxolle que era unha compañeira de traballo, pero Eloi non o cre e propónse investigar o que trama o seu pai.

Cando chegan á casa Pedro dille ao seu fillo que se vaia durmir e que el ía saír un rato a tomar o aire. Eloi non lle cre e cando o seu pai sae da casa, Eloi séguelo, e cando se deu conta estaban nunha casa descoñecida que non vira xamais e preguntouse de quen era. E cando o seu pai entrou á casa e o seu fillo atopou unha fiestra aberta na casa e.... non podía crer o que estaba vendo!

A mañá seguinte Eloi levou a súa nai e á policía á casa na que o Pedro estaba con Laura Amor. Cando entraron estaba cheo de sangue e un coitelo estaba no chan. O corpo da muller xa non estaba alí. Todo o corpo de policía empezou a buscar pistas de onde podía estar o corpo da muller. A nai non podía crelo, aínda que non sabía que fora Pedro quen a matara, ela imaxinábao, xa que era o único que estaba na escena do crime, e entón ía divorciarse de Pedro en canto puidese. Os policías encontraron un pelo da moza e seguiron o rastro de gotas de sangue. Seguiron e seguiron ata chegar a unha estraña casa das aforas que estaba chea de botellas de alcohol e de coitelos con sangue. Esa coincidía coa da outra casa.

De repente, escoitaron un ruído do coche e todos se agocharon no sótano e viron unha porta aberta e cando entraron, encontraron o corpo de Laura Amor envolto nunha alfombra. Cando viron que o coche era de Pedro, a nai, subiu e viuno, empezou a chorar e Pedro asustado foise correndo. A policía foi tras del, co coche perseguirono durante moito tempo ata que o acorralaron nunha casa e...a policía arrestao mentres o seu fillo Eloi e a súa muller marchan mirando con desprezo e asco.